

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PADRÓN PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “MELLORA DO ABASTECIMENTO DO SISTEMA DA MARXE DEREITA DA RÍA DE AROUSA. AMPLIACIÓN DA ETAP DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO AO BARBANZA. PADRÓN (A CORUÑA)”, PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU, MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE GASTO

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da citada entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Antonio Fernández Angueira, alcalde do Concello de Padrón, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes actúan en nome e representación das entidades que presiden, recoñecéndose mutuamente plena capacidade para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. A entidade pública empresarial Augas de Galicia, creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto, é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Esta entidade pública subrogouse en todos os dereitos e obrigas dos extintos organismo autónomo Augas de Galicia e Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, segundo a disposición adicional primeira do Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia. Neste sentido, todas as referencias contidas no texto deste convenio a calquera das entidades extinguidas deben entenderse referidas á entidade pública empresarial Augas de Galicia.



Augas de Galicia ostenta competencias en materia de ordenación e planificación do servizo público de abastecemento, así como de coordinación, inspección e control das actuacións das entidades locais que teñen legalmente atribuída a competencia para a prestación do servizo, rexéndose a súa actuación polo principio de garantía de subministración de auga en cantidade e calidade adecuada a todos os núcleos de poboación legalmente constituídos no marco establecido na planificación.

Sen prexuízo do anterior, tanto a Lei reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 57, como a Lei reguladora da Administración local de Galicia, no artigo 194, prevén mecanismos de cooperación económica, técnica e administrativa entre as distintas administracións, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, baixo as formas e nos termos previstos nas leis.

Así mesmo, o artigo 30 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato xeral de colaboración entre administracións coa finalidade de acadar os obxectivos das políticas de abastecemento, saneamento e depuración, para o que dispón a celebración dos convenios precisos, sen prexuízo da utilización doutras posibles técnicas de colaboración.

Segundo. O Concello de Padrón, actuando baixo o mesmo principio de garantía de subministración de auga en calidade e cantidade adecuada, ten atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable, de acordo co establecido nos artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma, en concreto nos artigos 81 a) e 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, e nos artigos da lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que regulan o reparto competencial en materia de abastecemento.

Con referencia a esta última lei, os artigos 5.1 a) e 27.1 establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario. Ademais, o artigo 27.2 establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia, así como a explotación dos servizos da súa competencia.

Terceiro. A mediados dos anos 90, a Administración autonómica, a través do organismo autónomo Augas de Galicia e da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, financiou e executou no termo municipal de Padrón, en terreos do monte



veciñal en man común de Lapido, as infraestruturas de abastecemento en alta consistentes na obra de toma e impulsión para a captación de caudais do río Ulla, a estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Padrón, os depósitos de cabeceira e as conducións xerais de alimentación.

Estas obras constituíron a primeira fase dunha actuación máis ampla de carácter supramunicipal, executada en colaboración con distintas entidades locais, denominada "Rede xeral de abastecemento á marxe dereita da ría de Arousa", cuxa finalidade foi a de dotar inicialmente aos Concellos de Padrón, Dodro, Valga, Catoira, Rianxo, Boiro, A Proba do Caramiñal e Ribeira das infraestruturas necesarias para a prestación do servizo municipal de abastecemento de auga en alta.

As obras de abastecemento localizadas no termo municipal de Padrón foron, por tanto, executadas ao abeiro do disposto no entón vixente Decreto 18/1987, do 14 de xaneiro, de colaboración técnico-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia con entidades locais en materia de obras hidráulico-sanitarias, tras solicitar o Concello de Padrón o 30.09.1993 a financiación autonómica e a fondo perdido do 100% do orzamento da actuación.

Con carácter previo, a entidade local, en sesión plenaria celebrada o 10.05.1993, aprobou o proxecto "Abastecemento de auga aos Concellos da Ría de Arousa con augas do Río Ulla-Desglosado nº 1 (A Coruña e Pontevedra)" e comprometeuse á posta a disposición da Administración autonómica dos terreos necesarios para a execución das obras localizadas no seu termo municipal.

A colaboración aprobouse polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 07.10.1993, as obras foron licitadas e adxudicadas definitivamente o 18.03.1994 e o contrato de obra formalizouse entre a Administración autonómica e a empresa contratista o 30.03.1994.

Cuarto. En cumprimento dos compromisos asumidos con motivo da colaboración acordada e para posibilitar a execución da infraestrutura, o 14.10.1994 o Concello de Padrón puxo a disposición de Augas de Galicia o uso de dúas parcelas situadas no monte denominado Lapido, na parroquia de Carcacía, cualificado como monte veciñal en man común por resolución de clasificación do 11.02.1980 e de titularidade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do Lapido.

A execución das obras de abastecemento rematou o 14.11.1997 e figuran na actualidade inscritas no Inventario de bens e dereitos do Patrimonio Municipal do



Concello de Padrón baixo o número de orde 182 como ben de dominio público e servizo público.

Quinto. Neste escenario de colaboración, a Administración autonómica, ademais de ter participado na execución e financiación das infraestruturas no termo municipal de Padrón e no resto de concellos, asumiu dende o ano 2004 e a través da formalización de varios convenios de colaboración coas distintas entidades locais, a xestión e a explotación da rede de abastecemento en alta da marxe dereita da ría de Arousa, debido ao carácter supramunicipal das instalacións que conforman o sistema.

No que respecta ao ámbito de Padrón, a colaboración anterior supuxo a asunción pola Administración autonómica da xestión e prestación do servizo municipal de abastecemento de auga en alta no dito municipio, xunto co compromiso de manter e conservar as instalacións de abastecemento localizadas no termo municipal en terreos do monte veciñal en man común de Lapido, coa obriga do Concello de Padrón de sufragar o custo do servizo nas condicións acordadas.

Os termos desta colaboración entre as dúas administracións regúlanse no convenio actualmente vixente formalizado entre as partes o 02.10.2020. Por outra banda, a recente Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga declara de interese público excepcional a xestión de determinadas infraestruturas vinculadas ao ciclo integral da auga entre as que se atopa o sistema de abastecemento en alta da marxe dereita da ría de Arousa.

Sexto. No marco da xestión que vén realizando a Administración autonómica ao abeiro da colaboración descrita, constatouse que o funcionamento da ETAP de Padrón atópase a día de hoxe moi limitado debido ao incremento da demanda do sistema, así como a existencia doutras limitacións técnicas que ocasionan, por unha banda, problemas en orde á satisfacción das demandas municipais de auga en determinadas situacións e, por outra, riscos de non acadar os parámetros de calidade das augas para consumo humano esixidos pola normativa de aplicación.

Existe, por tanto, a necesidade de ampliar a capacidade de tratamento da ETAP de Padrón co fin de solucionar estas limitacións, eliminar ou minimizar os riscos existentes e adaptar as instalacións a fin de garantir o abastecemento nun escenario futuro de previsible incremento das demandas de auga potable.

A estes efectos, Augas de Galicia ten redactado o proxecto de obra "Mellora do abastecemento do sistema da marxe dereita da ría de Arousa. Ampliación da ETAP



do sistema de abastecemento ao Barbanza. Padrón (A Coruña)", de clave OH.215.1218 (en diante, obra de mellora) no que se inclúe unha proposta de solución técnica que permitirá resolver as limitacións descritas.

Sétimo. A actuación "Mellora do abastecemento do sistema da marxe dereita da ría de Arousa. Ampliación da ETAP do sistema de abastecemento ao Barbanza. Padrón (A Coruña)", de clave OH.215.1218, foi sometida a información pública no Diario Oficial de Galicia, núm. 211, de 3 de novembro.

Oitavo. Polo que respecta á dispoñibilidade de uso dos terreos necesarios para acometer esta actuación, estase a tramitar entre Augas de Galicia, o Concello de Padrón e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do Lapido un convenio de colaboración no que se establecen as condicións básicas para a obtención da dispoñibilidade de uso dos terreos necesarios para a execución da obra de mellora, así como para garantir a pacífica e adecuada prestación do servizo público a través da totalidade das infraestruturas de abastecemento en alta localizadas no termo municipal de Padrón, en superficies pertencentes ao monte veciñal en man común de Lapido.

Noveno. No marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, concretamente formando parte do Compoñente 5 "*Preservación do litoral e recursos hídricos*", preténdese incluír dentro da investimento nº1 "*Materialización de actuacións de depuración, saneamento, eficiencia, aforro, reutilización e seguridade de infraestruturas*" un Plan para a "*Mellora do abastecemento e redución de perdas en redes de pequenos e medianos municipios*" co obxectivo de habilitar 100 millóns de euros do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, para que en municipios menores de 20.000 habitantes, poidanse levar a cabo investimentos nos sistemas de abastecemento para a mellora da eficiencia, a redución de perdas nas redes de distribución e a reparación e mellora da captación, os depósitos e instalacións de potabilización en pequenos e medianos municipios, onde o custo destas actuacións imposibilita a execución real das mesmas polo seu titular, e cuxo efecto se traduce nun importante aforro de auga e enerxía, e nunha mellor garantía de subministración.

Vista a confluencia de intereses das partes comparecentes, cada unha no seu ámbito de actuación, o deber de colaboración establecido, as necesidades de incrementar a capacidade de tratamento das instalacións da ETAP de Padrón mediante a execución da obra de mellora e de garantir unha adecuada e correcta prestación do servizo municipal de abastecemento en alta que, no que ao termo municipal de Padrón se refire, vén prestando Augas de Galicia en réxime de colaboración co Concello de



Padrón, as partes acordan, sobre a base do exposto, outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a entidade pública Augas de Galicia e o Concello de Padrón que permitan a execución e posta en servizo da obra "Mellora do abastecemento do sistema da marxe dereita da ría de Arousa. Ampliación da ETAP do sistema de abastecemento ao Barbanza. Padrón (A Coruña)", de clave OH.215.1218, e que garantan a adecuada prestación do servizo público de abastecemento en alta a través do conxunto de infraestruturas localizadas no termo municipal de Padrón.

SEGUNDA. OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio e no ámbito das súas competencias e facultades, Augas de Galicia obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións consistentes na aprobación definitiva do proxecto contratación da execución, dirección das obras e labores de coordinación de seguridade e saúde na fase de construción, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado na lexislación vixente en materia de contratos.

As actuacións expresadas abarcarán, se fose o caso, as execucións de modificacións xustificadas das obras, ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser incorporadas ao servizo e uso público.

2. Controlar a calidade e a seguranza e saúde durante a execución das obras asumindo as responsabilidades que correspondan en materia de coordinación, impulso, organización e control da aplicación efectiva dos principios xerais de prevención de riscos laborais no marco da execución da actuación de mellora e, no seu caso, das súas modificacións.
3. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, realizar os trámites necesarios para que o contratista repare aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción, de



conformidade con disposto na lexislación vixente en materia de contratos. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.

4. Asumir, unha vez rematadas e recibidas as obras a satisfacción de Augas de Galicia, a súa xestión, explotación, conservación e mantemento, nos termos establecidos na Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora do ciclo integral da auga e no convenio de colaboración formalizado o 02.10.2020 entre Augas de Galicia e o Concello de Padrón para a xestión e explotación da rede de abastecemento en alta á marxe dereita da ría de Arousa, quedando a obra resultante, ao seu remate, incluída no ámbito do disposto na dita Lei e no obxecto do convenio e suxeita aos seus termos e, polo tanto, a disposición de Augas de Galicia aos efectos indicados.
5. Unha vez rematada a execución da obra de mellora e posta esta en servizo, facilitar a documentación e cooperar en todo o que sexa necesario para a tramitación do procedemento administrativo para a transmisión a Augas de Galicia por parte do Concello de Padrón da titularidade do conxunto das infraestruturas de abastecemento en alta situadas no termo municipal de Padrón en terreos do monte veciñal en man común de Lapido.
6. Asumir as obrigas económicas que se deriven do presente convenio de acordo co establecido na cláusula cuarta.
7. Augas de Galicia conservará a documentación xustificativa de aplicación dos fondos recibidos durante un período de 5 anos a partir do pago do saldo ou, a falta deste pago, da operación; de conformidade co estipulado no artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241
8. Augas de Galicia, a efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de inversión no marco do plan de recuperación e resiliencia, recabará e asegurará o acceso ás seguintes categorías armonizadas dos datos seguintes:
 - a) O nome do perceptor final dos fondos.
 - b) O nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adxudicador.



- c) Os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo defínese no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello.
- d) Unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público das ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión.
9. Cumprimentar e asinar a declaración responsables recollida no Anexo IV. C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, relativa ao cumprimento dos principios transversais en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia.
10. Respetar e velar polo cumprimento dos termos da presente colaboración, procurar resolver de mutuo acordo, conforme aos principios de boa fe e lealdade, cantas controversias ou dificultades poidan xurdir no seu cumprimento e impulsar as tramitacións e ditar os actos precisos a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público de abastecemento en alta a través da xestión do conxunto das infraestruturas ás que se fai referencia neste convenio, coa finalidade de contribuír ao efectivo cumprimento dos obxectivos de abastecemento e garantía da subministración en calidade e en cantidade que se pretenden alcanzar coa súa execución.

TERCEIRA. OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO DE PADRÓN

Para o cumprimento do obxecto deste convenio o Concello de Padrón, no ámbito das súas competencias e facultades, obrígase a:

1. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
2. Atender os requirimentos de documentación que, de selo caso, poidan efectuarse por parte de Augas de Galicia naqueles supostos nos que, a xuízo da dirección facultativa, resulte necesario realizar calquera modificación no proxecto durante a súa execución, modificación que será



aprobada por Augas de Galicia e á que, unha vez executada, lle resultará de aplicación o réxime establecido neste convenio para a obra principal.

3. Asumir, de selo caso, e coa colaboración de Augas de Galicia, a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias sen que se produza liquidación de tributo municipal algún a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas, sen prexuízo do acordado neste convenio en canto á posterior transmisión da súa titularidade a Augas de Galicia.
4. Manter a Augas de Galicia, unha vez rematadas e recibidas as obras, no uso e na dispoñibilidade das infraestruturas resultantes, a fin de que esta entidade pública asuma a súa xestión, explotación, conservación e mantemento nos termos acordados neste convenio de colaboración e no formalizado o 02.10.2020 entre ambas administracións para a xestión e explotación da rede de abastecemento en alta á marxe dereita da ría de Arousa, así como para facer efectivas as obrigas de Augas de Galicia como entidade prestadora do servizo establecidas na Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.
5. Unha vez rematada a execución da obra de mellora e posta esta en servizo, impulsar os procedementos e ditar os actos administrativos necesarios para a transmisión a Augas de Galicia da titularidade do conxunto de infraestruturas de abastecemento en alta situadas no Concello de Padrón en terreos do monte veciñal en man común de Lapido.
6. Cumprimentar e asinar as declaracións responsables recollidas no Anexo IV. B e C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, relativas a cesión de datos e de cumprimento dos principios transversais en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia.
7. Respetar e velar polo cumprimento dos termos da presente colaboración, procurar resolver de mutuo acordo, conforme aos principios de boa fe e lealdade, cantas controversias ou dificultades poidan xurdir no seu cumprimento e impulsar as tramitacións e ditar os actos precisos a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público



de abastecemento a través da xestión do conxunto das infraestruturas coa finalidade de contribuír ao efectivo cumprimento dos obxectivos de abastecemento e garantía da subministración en calidade e en cantidade que se pretenden alcanzar coa súa execución.

CUARTA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total para a contratación da obra de “Mellora do abastecemento do sistema da marxe dereita da ría de Arousa. Ampliación da ETAP do sistema de abastecemento ao Barbanza. Padrón (A Coruña)”, de clave OH.215.1218 contemplada neste convenio e da súa execución financiarase integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de dez millóns cen mil euros (10.100.000,00 €).

Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 “Investimentos xestionados para outros entes públicos” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. A distribución de anualidades é a seguinte:

2023	1.526.496,69 €
2024	6.105.986,77 €
2025	2.467.516,54 €

Por acordo do Consello da Xunta do 18 de outubro do 2022, aprobouse o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023. Para os efectos da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001; quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2023.

O citado crédito provén do Acordo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente do 9 de xullo de 2021 na que establecéronse os criterios de reparto e distribución territorial de créditos relativos ao plan para a mellora do abastecemento e redución de perdas en redes de pequenos e medianos municipios, do investimento C5.I1 “Materialización de actuacións de depuración, saneamento, eficiencia, aforro, reutilización e seguridade de infraestruturas (DSEAR)”, dentro da compoñente nº5 “Preservación do litoral e recursos hídricos” do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) financiado co Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de febreiro de 2021.



Ao estar as actuacións incluídas no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia dentro do Compoñente 5 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), están suxeitas, en todo caso, ao cumprimento, execución e realización dos obxectivos fixados no devandito Plan. Estarán sometidas á plena aplicación dos mecanismos de xestión e control que se establezan para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE e á normativa da Unión Europea aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como as específicas relativas á información e publicidade, verificación e demais impostas pola normativa da Unión Europea, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento. Concretamente, resulta de aplicación o Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Orde HFP/1030/2021 do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas das compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o Real Decreto Lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a Modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

As partes asinantes obríganse a someterse ás actuacións de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como ás comprobacións da Comisión Europea, da Fiscalía Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), o Tribunal de Contas da Unión Europea, e aos controis derivados do Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia, que se realicen a través de autoridades nacionais ou europeas, facilitando tanta información e documentación lles sexa requirida.

O Plan de mellora do abastecemento e redución de perdas en pequenos e medianos municipios, debe contribuír á consecución do obxectivo 76 "Infraestruturas de tratamento de augas e augas residuais melloradas", establecido no PRTR para o Investimento 1 da compoñente 5. Establécese que deberá alcanzarse un valor de 40 actuacións construídas e un 20% medio de redución sobre as perdas reais existentes antes da actuación xunto cunha contribución de 200.000 habitantes beneficiados e inclúese un obxectivo cuantitativo individualizado mínimo a acadar para cada



comunidad autónoma. Galicia debe contribuir a este obxectivo con unha poboación beneficiada mínima de 13.599 habitantes.

O financiamento aportado por estas axudas non é compatible co financiamento por outros fondos estruturais da Unión Europea. De ser financiado ademais de con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia con outros fondos autonómicos ou estatais, en ningún caso o importe de todos os fondos pode superar o custe das actuacións obxecto deste convenio.

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación do contratos de obra repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución da obra de mellora, así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada nesta cláusula

QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por catro representantes, dous designados pola Administración hidráulica de Galicia e dous designados pola Administración local para o seguimento, desenvolvemento e interpretación deste convenio.

No marco da mencionada comisión resolveranse as posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o seguimento do cumprimento do presente convenio.

SEXTA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025. Porén, rematada a súa vixencia, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan pendentes de cumprimento as obrigas establecidas no convenio para cada unha das partes.

SÉTIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO



Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia, recollidos neste convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte de Augas de Galicia, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula terceira do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución do contrato de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e o Concello de Padrón e tramitarase a través dunha addenda ao mesmo.

OITAVA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

1. Será causa de extinción automática do convenio:
 - a) o cumprimento do seu obxecto
 - b) o transcurso do seu prazo de vixencia sen prexuízo do disposto na cláusula sexta sobre a continuidade dos seus efectos en tanto se manteñan pendentes de cumprimento calquera das obrigas establecidas neste convenio.
2. O convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:
 - a) Incumprimento do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.

A extinción do convenio por esta causa, tras o procedemento contradictorio regulado no artigo 51.2 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, levará consigo o pagamento dunha indemnización á outra parte polos prexuízos causados.
 - b) O mutuo acordo
 - c) A entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias cuxa aplicación determine a súa extinción sempre que non se acorde, de proceder, unha modificación do convenio nos termos establecidos na cláusula sétima.
 - d) A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
 - e) A inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.



A resolución con causa nalgún dos supostos b) c) d) e e) anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

NOVENA. NATUREZA

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, sendo a xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir a contencioso-administrativa.

DÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO PRIMEIRA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio implicará o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten neste instrumento e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Este convenio está financiado no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU e, polo tanto, os beneficiarios deberán cumprir coas esixencias de información e publicidade reguladas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. De acordo co disposto no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 o beneficiario fará mención da orixe desta financiación e velará por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión Europea e unha declaración de financiación adecuada que indique «financiado por la Unión Europea-NextGenerationEU», en particular, cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples



destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Deberá cumprirse tamén co establecido en materia de comunicación, información e publicidade na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

DÉCIMO SEGUNDA. MEDIDAS ANTIFRAUDE

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf.

2. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidades ou condutas de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.



3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. PRINCIPIO DE NON CAUSAR DANO SIGNIFICATIVO

De acordo co disposto no artigo 5 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, o Mecanismo só apoiará aquelas medidas que respecten o principio de «non causar un prexuízo significativo» (principio “do non significant harm” - DNSH). En atención ao establecido no artigo 2 do citado Regulamento defínese «non causar un prexuízo significativo» como non apoiar ou levar a cabo actividades económicas que causen un prexuízo significativo a algún dos obxectivos ambientais, no seu caso, no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables.

Na execución das actuacións garantirase que polo menos o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluíndo aos materiais de orixe natural referidos na categoría 17 05 04 da Lista Europea de Residuos establecida pola Decisión 2000/532/CE) xerados nas obras de construción reutilizárase, reciclaráse ou recuperaráse, incluíndo actuacións de recheo con residuos en substitución doutros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de Xestión de Residuos de Construción e Demolición da UE. Os operadores limitarán a xeración de residuos nos procesos de construción e demolición, de acordo con o Protocolo de Xestión de Residuos de Construción e Demolición da UE, contemplando as mellores técnicas dispoñibles e empregando demolicións selectivas que permitan separar e manipular de forma segura as substancias perigosas e que faciliten a reutilización e reciclado de alta calidade mediante a separación selectiva dos materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para os residuos de construción e demolición. O proxecto e as técnicas de construción serán compatibles coa circularidade e mostrarán, con referencia á ISO 20887 ou outras normas de avaliación da adaptabilidade das construcións, como se deseñaron para ser máis eficientes cos recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe.

DÉCIMO CUARTA. CONTRIBUCIÓN Á TRANSICIÓN ECOLÓXICA E DIXITAL

As actuacións obxecto deste convenio forman parte da compoñente nº5, que contribúe á transición ecolóxica nun 59% e á transición dixital nun 18%, tal e como se establece no PRTR.



E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes de xeito electrónico o presente documento

*A presidenta de Augas de Galicia, Ethel María Vázquez Mourelle
O alcalde da Padrón, Antonio Fernández Angueira*

